



**David Barbeira García** naceu en Santa Comba no ano 1978.

Dende moi novo adicouse a execución de obras de carácter residencial, formándose constantemente nas últimas tendencias no sector.

Sempre foi unha persoa con iniciativa emprendedora, actualmente dirixe a súa propia empresa adicada ao sector da construción. Aposta pola innovación e mellora continua, comprometido co respecto ao medio ambiente e cunha construción sostible.

Tamén desempeña a actividade de formador na familia profesional de Edificación e Obra Civil, onde procura motivar ó seu alumnado contaxiándolle a súa paixón pola construción.

Incluir ás mulleres neste traballo tan orientado socialmente aos homes, é un dos principais retos de David.

### **A MIÑA MOTIVACIÓN:**

*O que me motivou a iniciarme en política foi que ano tras ano me ilusionaba cun programa electoral que nunca se levaba a cabo.*

*Perdín totalmente a fe e a credibilidade nos políticos do meu concello. Vexo como cada ano Santa Comba da un paso atrás, arrastrando máis de 20 anos de mala xestión por parte do goberno municipal.*

*Penso que as palabras deben ser avaladas con feitos, e dende fai anos no meu concello só existen promesas que desaparecen co tempo.*

*O cambio debe comezar nun mesmo; é aí cando tomas a decisión de loitar polo teu pobo, polo benestar de todas e todos.*

*Xunto cun grupo de veciñas e veciños, quixen dar un paso á fronte para demostrar que si hai outra forma de facer política, que a palabra dun grupo político, sempre debe estar refrendada cos seus actos.*

*Se nos apoiamos mutuamente, poderemos facer que este concello medre e chegue ó lugar onde sempre debeu estar como concello cabeza de comarca.*

*Quero devolverlle a dignidade perdida á política municipal, mostrarlle ás miñas veciñas e veciños, que o despacho dun alcalde ten que ser a rúa, que é donde están as necesidades da xente, preocuparse polo pobo e sobretudo ter a idea clara de que é un servidor da comunidade que representa.*

*Un goberno municipal debe velar polos nosos maiores, pola formación da nosa xuventude e por un emprego de calidade, para que as familias xalleiras poidan vivir no seu concello dignamente e non se vexan obrigados a unha emigración.*

*E por suposto sen esquecernos do gran motor da nosa economía local: o sector agropecuario.*

*Espero ter a oportunidade de demostrar que se pode facer política doutro xeito. Como di o noso eslogan "OS FEITOS FALARÁN POR NÓS"*

David Barbeira García

Tel. 696287599

Email: [santacomba@compromiso.gal](mailto:santacomba@compromiso.gal)

Facebook: <https://www.facebook.com/Compromiso-Santa-Comba-270774226744340/>